

Que ocultan os insultos do PP aos traballadores/as do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?

As mentiras que o PP usou durante a campaña ao respecto do proceso selectivo no Consorcio puideran entenderse no seu momento polos réditos electorais que tiraba das súas calumnias. Agora, en cambio, son preocupantes. Estas difamacións só poden ocultar intencións de poñer en mans privadas para beneficio particular dos seus amigos unha rede de equipamentos pública. Semella que non se atreven a soste-lo isto claramente e optan por ocultalo con esta cortina de fume. Entregarlle o Consorcio a grupos relixiosos ou empresariais suporá que estes sacarían proveito económico a costa da precarización do traballo e depreciar a asistencia, algo que provocaría a alarma social e o rexeitamento xeneralizado, de aí que optan por denigralo e que non teñan escrúpulos en desprestixiar aos seus profesionais ou pedir que se pare unhas oposicións en marcha a pesares dos prexuízos que causaría a máis de 3.000 opositores.

Non entramos agora nos detalles deste proceso selectivo remitíndonos a rolda de prensa conxunta dos Comités de Empresa, CIG e UGT, pois iso non é o que está en xogo nestes momentos, en calquera caso debemos lembrar que as probas son produto do acordo ao que se logrou chegar logo dun longo proceso negociador, en decembro de 2008, independentemente do que nos gustase



máis ou menos a cada quen. É un proceso máis transparente e fiable que os que convocaba quen agora o denuncia (véxase o grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de decembro de 2002, a convocatoria do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de xaneiro do 2003) polo que é evidente que as súas descalificacións responden a intereses espurios que compre pór sobre a mesa.

Estas oposicións convocadas antes das eleccións son, pois, froito dun acordo cos representantes dos traballadores e o Goberno debe cumprilo até o final dos diferentes trámites administrativos, sería un caso inau-

dito o contrario. Cando se constituía un novo Goberno caberá abrir un proceso de concertación e diálogo que agardamos serva para ampliar e mellorar este servizo, e nese sentido estamos dispostos a negociar co PP o sistema de acceso a este emprego público, e veremos entón cal é a súa proposta. Agora ben, non esquecemos que esta forza que pide a paralización das oposicións é a mesma que apostaba para prestar estes servizos por fundacións privadas nas que o persoal era colocado a dedo, e aí si que se esixía entrar co carné do PP na boca. Se isto é o que pretenden debe saber que van ter enfronte a CIG.